

Bosque de algas.

Coma nunha viaxe a través do espello, só é preciso dar un paso desde unha ladeira de hedra na penumbra e un pequeno regato, para estar, de repente, navegando mar adentro.

Aparece o *Gelidium* no Cantábrico, como formando unha fraga, que ben podería ser unha fraga de pradairos no Xapón. O abaneo das follas arroladas polo vento ou o das algas impulsadas pola corrente é semellante. E tanto se é a neboa, a que vai peneirando a luz ou é a auga do mar, a penumbra vai impóndose coa profundidade.

As algas teñen o seu desenvolvemento na costa cantábrica entre os meses de marzo e agosto. Entón, os fondos convértense en moles e densas praderías submarinas. Cando chega o outono, a oleaxe arrinca as algas; así, fórmanse os chamados arribazóns ou argazos. A maior parte desas masas de algas rematan en Somorrostro, Orio, Donostia e a franxa da costa que se estende fronte ao monte Jaizkibel.

Os procedementos para a colleita de algas seguen sendo os mesmos desde a década de 1940: o ribeirán empregaba unha forza e pousaba as algas en cestas ata o camiño. Neste traballo, de gran dureza, empregábanse carros tirados por bois. Fundamentalmente, existían dous sistemas: o primeiro baseado nunha roda suxeita a un soporte na que se deslizaba unha corda, do extremo inferior da cal facíase prender a cesta onde se depositaran as algas. Esta cesta izábase á parte superior, xunto ao camiño. .

O segundo sistema consistía no uso dun caixón que se deslizaba sobre rodas, que, ao mesmo tempo, esvaraba sobre cables. Aínda se pode topar esta enxeñería antiga na costa, aínda que xa abandonada.

Tamén foi tradicional recoller as algas mergullándose.

Os chamados recolectores submarinos colleitan algas, que axiña conservan en piscinas de auga salgada. Un traballo bastante arduo e sacrificado.

Na década de 1970, a apreciación do *Gelidium* atraeu moitos pescadores, que viron nas algas unha oportunidade de mellorar os seus ingresos. O desenvolvemento dese mercado produciu un cambio na pesca: pasouse de recoller a arrincar, literalmente, as algas e a arrasar grandes superficies, o que causou unha alteración drástica do ecosistema.

Cos anos, eses novos métodos de arranque levaron á desaparición progresiva das algas. Esa foi a razón de que, no 1982, o Goberno Vasco limitara a cantidade de algas que permite extraer e prohibira toda recolección que non se fixera por métodos tradicionais. As normas legais e, inevitablemente, o paso do tempo, conseguiron que se recuperasen os fondos mariños.

Agora podemos voltar a disfrutar dos bosques de algas arrolados suavemente pola corrente, voltamos a disfrutar da danza do *Gelidium*, tal como foi sempre.